



Apartado de correos nº 38
36630 CAMBADOS (Pontevedra)
E-mail: secretariafgcmf@gmail.com
Teléfonos: 986524845 e 633136161

SR. ALCALDE E MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA



Víctor Fernández González, con DNI 36.027.551Y como presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) **EXPOÑO QUE:**

O Pleno da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa en data 25 de febreiro de 2010, por unanimidade de tódolos concelleiros presentes, acordou apoiar a candidatura que a Asociación Rompetimóns presentou para desenvolver o X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. Polo mesmo acordo o Concello de Vilagarcía comprometeuse a colaborar na celebración do citado evento.

Dende a constitución do Comité Organizador do X Encontro o Concello de Vilagarcía de Arousa integrouse como membro de pleno dereito no citado Comité Organizador, participando activamente nas súas reunións. Como organizadores do evento figuran a Asociación Rompetimóns, o Concello de Vilagarcía de Arousa, o Museo do Mar de Galicia e a FGCMF, contando coa colaboración de numerosas asociacións locais.

En tres ocasións o Concello trocou a súa representación no Comité Organizador sen que elo alterase o seu funcionamento, xa que as relacións no Comité organizador son entre as institucións que o conforman.

Como resultado das reunións do Comité Organizador, con datas de 20 de maio e 2 de xuño de 2011, o presidente da Asociación Rompetimóns entregou a Alcaldesa-Presidenta da Corporación Municipal de Vilagarcía de Arousa dous escritos nos que se detallaban a colaboración que se solicitaba do Concello para a realización do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia. Colaboración que nas diferentes reunións do Comité Organizador se estimara en 40.000€

Logo da formación da nova Corporación Municipal resultante das eleccións de maio do 2010, e a un mes do inicio do X Encontro, o Concello de Vilagarcía de Arousa deixou de asistir ás reunións do Comité Organizador, a pesares de que con insistencia e por diversas vías o Comité intentou contactar co equipo de goberno para que nomease o representante do Concello, sen que esta circunstancia chegara a producirse.

O 22 de Xuño de 2011, a 3 días do inicio das xornadas previas ao X Encontro, o Comité Organizador é recibido por parte do equipo de goberno do Concello de Vilagarcía de Arousa para tratar aspectos organizativos do X Encontro. Nesa reunión os membros do equipo de Goberno informaron que algunhas das peticións que figuraban nos escritos presentados polo presidente de Rompetimóns os días 20 de maio e 2 de xuño non poderían ser atendidos

(fundamentalmente os relacionados coas actuacións musicais), mentres que os aspectos de loxística solicitados habería que estudialos. Como resultado desa reunión concreouse nos días seguintes o Plan de Emerxencias para o X Encontro. Dende entón e ata o día de hoxe o Comité Organizador non voltou reunirse co equipo de goberno, a pesares de solicitalo reiteradamente, sen que se nomease ao representante do Concello no Comité Organizador nin tampouco se coñeza a achega económica do Concello de Vilagarcía de Arousa.

A falla de representación do Concello de Vilagarcía no Comité Organizador e a súa falla de concreción na colaboración co X Encontro, especialmente no económico e nos numerosos aspectos relativos á loxística, fixo que o resto dos organizadores tiveran que asumir en poucos días a carga de traballo e responsabilidade correspondente ao Concello, precisamente nos momentos cando máis se precisaba que cada membro da organización do X Encontro estivese ao 100% .

Con posterioridade á realización do X Encontro o Comité Organizador realizou varias reunións para analizar o X Encontro e pechar o apartado económico. En ningunha de estas reunións estivo representado o Concello de Vilagarcía, a pesares das numerosas xestións que a FGCMF realizou.

O peche económico provisional do X Encontro de Embarcacións Tradicionais se salda cun déficit de 20.973,66€, a falla de coñecer cal vai ser a achega económica do Concello de Vilagarcía de Arousa ao X Encontro.

Por todo o exposto **SOLICITO:**

1º Que os compromisos asumidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa en relación á organización do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia sexa tratado no próximo Pleno da Corporación Municipal de ese Concello.

2º Que por parte do Concello de Vilagarcía de Arousa se asuma entre os seus compromisos o abono da cantidade de 20.973,66 euros.

3º Que A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial como propietaria da marca ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA, e polo tanto responsable da súa imaxe, poida intervir no Pleno onde se trate o punto anterior .

Cambados a 25 de outubro de 2011



Asdo. Víctor Fernández González
Presidente da FGCMF



Apartado de correos nº 38
36630 CAMBADOS (Pontevedra)
E-mail: secretariafgcmf@gmail.com
Teléfonos: 986524845 e 633136161

Solicitud de intervención no Pleno Municipal do Próximo día 31 de outubro por parte da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial

SR. ALCALDE E MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Víctor Fernández González, como presidente da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial

SOLICITO:

De acordo co regulamento de participación veciñal e cidadán nos Plenos Municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa, a miña intervención no punto da orde do día onde se trate o tema do X ENCONTRO DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA, respaldado polo escrito que se adxunta.

Cambados a 25 de outubro de 2011



Asdo. Víctor Fernández González
Presidente da FGCMF